

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON12I0L0	Expediente CON/67/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela..

TIPO DE LICITACIÓN: 559.146 euros/ano euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de abril de 2018, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Manuel Dios, representante do grupo CA.
 Dna. María Corral, representante do grupo PP.
 Dna. María Moreno Berguer, xefa de servizo Mobilidade e Seguridade.
 D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes das empresas COORDINADORA DE GESTION DE INGRESOS SA, SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL, GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL SA e RECYGES SL.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	09/04/2018	14.696	A81957367 GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A
2	09/04/2018	14.833	B81093288 RECYGES SL
3	10/04/2018 (*)	14.920	B96067400 SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L.
4	10/04/2018 (*)	15.050	B84137470 EURO COP SECURITY SYSTEMS SL
5	11/04/2018 (*)	15.191	A92799568 ASESORES LOCALES CONSULTORIA SA
6	13/04/2018 (*)	15.736	A81982225 COORDINADORA DE GESTION DE INGRESOS SA

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.

A continuación lévase a cabo a apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando dúas incidencias:

. a empresa EURO COP SECURITY SYSTEMS SL presenta unicamente unha copia dixital CD da súa documentación, e non as dúas esixidas, polo que se acorda concederlle un prazo de tres días para que subsane esta deficiencia.

. a empresa RECYGES SL non presenta subscrita a súa documentación, subsanándose esta deficiencia neste mesmo acto dada a presenza de Dona Amparo Barreales Cardín, que se identifica como apoderada da empresa, incorporándose a documentación acreditativa ó expediente.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0L0	<i>Expediente</i> CON/67/2017	

15078DCON12I0L0a



Finalmente, acórdase o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador.

Ás 9.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0L0	<i>Expediente</i> CON/67/2017	

15078DCON12I0L0a



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 559.146 euros/ano euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 25 de setembro de 2018, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
Dna. María Moreno Berguer, xefa de servizo Mobilidade e Seguridade.
D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de Informática
Dna. Ana Gago Fernández, vicenterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame dos informes valorativos realizados polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación non avaliados mediante fórmulas no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Estes informes acompañanse á presente acta.

En relación ao informe emitido polo xefe de servizo de informática, e non poñendo para nada en consideración o seu contido, a mesa entende que o reparto proporcional dos puntos entre os licitadores non é o máis convinte, nin homoxéneo co outro informe de valoración emitido en relación a esta parte técnica das ofertas, polo que se acorda solicitarlle un axuste neste senso que se presentará na próxima reunión con carácter previo a apertura dos sobres de criterios obxectivos.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON12I0L0	Expediente CON/67/2017	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 559.146 euros/ano euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 2 de outubro de 2018, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais:

- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
- Dna. María Moreno Berguer, xefa de servizo Mobilidade e Seguridade.
- D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.
- D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de Informática
- Dna. Ana Gago Fernández, vicenterventora municipal.
- D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Diego Reina, representante da empresa ASESORES LOCALES CONSULTORIA SA, Dna. Natalia Zunzunegui Garrido en representación da empresa SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L., D. José Carlos Losada Campa en representación da empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A ,D. Eduardo Lojo López en representación da empresa COORDINADORA DE GESTION DE INGRESOS SA E Dna. Amparo Barreales Carlán e Dna. Cristina Sieres Aienza en representación da empresa RECYGES SL

Procédese en primeiro termo a revisar o informe do xefe de servizo de informática que recolle o reaxuste de puntuación de acordo cos criterios fixados na anterior reunión desta mesa.

A continuación dase entrada o acto público de apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras aos representantes das empresas ASESORES LOCALES CONSULTORIA SA, SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL, GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL SA, COORDINADORA DE GESTION DE INGRESOS SA e RECYGES SL. Informados da puntuación total obtida por cada licitador na primeira fase da licitación, lévase a cabo seguidamente a lectura das propostas económicas, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PORCENTAXE OFERTADO	SUBROGACIÓN DO PERSOAL
1	GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A	28%	SÍ
2	RECYGES SL	27%	SÍ
3	SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L.	26,80%	SÍ
4	EUROCOP SECURITY SYSTEMS SL	24%	SÍ
5	ASESORES LOCALES CONSULTORIA SA	26%	SÍ
6	COORDINADORA DE GESTION DE INGRESOS SA	29,50%	SÍ

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0L0	<i>Expediente</i> CON/67/2017	

15078DCON12I0L0a



Da análise das ofertas presentadas, recolléndose a puntuación final nun informe que se incorporará ao expediente, resulta que quén acada a máxima puntuación neste procedemento e, consecuentemente, é a oferta máis vantaxosa das presentadas é o licitador SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e ofrece retribuírse cunha porcentaxe do 26,80% de todos os cobros realizados en período voluntario de pago, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0L0	<i>Expediente</i> CON/67/2017	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 559.146 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 18 de outubro de 2018, ás 8:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. María Moreno Berguer, xefa de servizo Mobilidade e Seguridade.
D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.
Dna. Ana Gago Fernández, vicenterventora municipal.
D. Xaquín Enrique Monteagudo Romero director da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión.

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

